




FERVENZAS DE TOURO


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Touro (Fonte Díaz)-Quintás: 8 km
Touro (Fonte Díaz)-Cornado: 4,5 km
Cornado-Novefontes: 5 km
Novefontes-Touro (Fonte Díaz): 5,5 km

Dificultade: baixa
Duración: 4 horas

Unha ruta que combina o coche e pequenas camiñadas para coñecer tres fervezas en varios afluentes do Ulla, no concello de Touro



Ferveza de Mince

Na parroquia de Prevediños.

O rego de Prevediños, Quintás ou Vilapedre, afluente do Ulla, salva un desnivel en xistos de aproximadamente 10 m en dous saltos. A zona ten moita pendente e está moi chea de maleza e árbores caídas o que fai moi complicado o camiño.

COMO CHEGAR:

Desde Fonte Díaz (capital do concello de Touro) séguese cara a Loxo e Prevediños e ao chegar a Mince tómase a primeira pista á dereita, despois do pazo, e báixase aproximadamente 500 m rodeando un emparrado ata chegar a uns prados situados á esquerda. Desde ahí cóllese unha pista de terra e a uns 100 m á dereita báixase seguindo unha canles de muíño abandonada ata o río. Crúzase e séguese río arriba uns 200 m por un carreiro de moita dificultade ata atopar a ferveza.



Salto das Pombas

Salto das Pombas

Na parroquia de Cornado.

O río Lañas é un afluente do Ulla que percorre o concello de Touro de Norte a Sur salvando un forte desnivel no seu tramo final onde forma varios rápidos e fervenzas. A máis alta cae duns 8 m encaixada entre rochas metafórficas. **COMO CHEGAR:** unha ruta indicada de 10 km parte da área recreativa de Santalla, pasa pola fervenza e remata en Ponte Basebe. Pódese chegar ás proximidades pola estrada de Fonde Díaz (Touro) a Cornado e unha vez cruzado o río na ponte da estrada, no lugar onde hai uns muíños, coller a ruta indicada. Tamén se pode baixar por unha pista de terra un pouco máis adiante á dereita.

O Inferniño

Na parroquia de Novefontes, nun pequeno rego afluente do Ulla que salva un forte desnivel.

COMO CHEGAR: pódese acceder desde a ruta de sendeirismo “Ribeira do Ulla”, desde Ponte Basebe ou San Pedro da Ribeira. Tamén se pode achegar co coche por unha pista que baixa por diante da igrexa de Novefontes até chegar á conexión coa ruta de sendeirismo, onde está indicada cun cartel.

Seguindo a ruta en dirección a San Pedro da Ribeira, á altura de Fao, atópase a fervenza da Pena, nun pequeno rego.



O Inferniño